

MARÍA GOEPPERT-MAYER

María Goeppert-Mayer naceu en Alemaña en 1906, unha época na que o estudo estaba reservado só para os homes. O seu pai, profesor de Pediatría na Universidade, animou e apoiou á súa filla para que estudara e fose algo máis ca ama de casa.

En 1921 María entrou nun colexio privado creado por sufraxistas que preparaba ás mozas para entrar na universidade. O colexio pechou por falta de fondos, mais María presentouse ao exame de acceso para entrar na Universidade de Gottingen e estudar Matemáticas. Ese mesmo ano o físico Max Born invitouna a un Seminario de Física e cambiou as Matemáticas pola Física, xusto nun momento no que se estaba a desenvolver a Física Cuántica.

Graduouse en Física e, ao rematar a súa tese, que foi dirixida por Max Born, casou con Joseph Mayer, un mozo norteamericano que facía un postgrado en Göttingen. Cando o seu home recibiu unha oferta para traballar como profesor na Universidade Johns Hopkins, en EEUU, asumiron que sería fácil tamén para María atopar traballo alí. Mais a Gran Depresión fixo que o traballo escaseara e a Universidade Johns Hopkins non contrataba ás mulleres dos profesores. Permitíronlle montar un laboratorio nun recuncho e tivo que conformarse cun traballo sen remunerar a tempo parcial durante nove anos no Departamento de Física da Universidade.

Cando o seu home perdeu o traballo, recolocouse na Universidade de Columbia, onde María non era considerada unha compañeira científica, senón só “a muller do profesor”.

Mais a súa perseveranza deu resultados. Durante a II Guerra Mundial o goberno de EEUU decatouse das súas habilidades e recrutouna para o Proxecto Manhattan.

Despois da guerra, ao seu home ofrecéronlle un posto de profesor na Universidade de Chicago, e María tivo que aceptar de novo un posto voluntario na universidade. Alí María desenvolveu o traballo polo que recibiría o Premio Nobel: a partir da análise das distintas cantidades de elementos presentes no universo e a relación entre esas cantidades, descubriu que a estrutura do núcleo atómico está formada por capas, coma unha cebolla, de aí o alcume que lle puxo o físico Pauli: “la madonna de la cebolla”. A súa idea tamén permite explicar por que algúns núcleos son máis estables ca outros.

No ano 1963 María Goeppert-Mayer converteuse na segunda muller da historia en conseguir un Premio Nobel de Física polos seus descubrimentos sobre a estrutura de capas nuclear.

En 1960 foi nomeada catedrática de Física na Universidade de S. Diego. Alí traballou ata a súa morte, en 1972.

Anxo Campos Castro

1º Bacharelato A